



Concello de Baralla

ANUNCIO

Pola Alcaldía, con data 20 de xuño de 2019, adoptouse o seguinte:

“DECRETO NÚMERO 117.- Baralla, 20 de xuño de 2019

Por motivos persoais e non sendo posible realizar as funcións propias da alcaldía, durante o período de tempo que vai dende o día 21 de xuño ata o 5 de xullo de 2019, e de conformidade co previsto no artigo 63 da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Delegar a totalidade das funcións da Alcaldía deste concello, no primeiro tenente de alcalde, Don Manuel Rodríguez Vilela, dende o día 21 de xuño ata o día 5 de xullo de 2019, ambos inclusive.

Segundo.- Notificar o presente Decreto ó interesado e publicalo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno desta delegación na primeira sesión que se celebre.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e certifico.”

Baralla, a 20 de xuño de 2019.
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Jesús González Capón.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla, 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221